



Ministros Ã¡ xaponesa

Description



O flamante primeiro ministro de Defensa, Fumio Kyuma, tivo que presentar a sÃ³a dimisiÃ³n esta semana polas crÃ¡ticas recibidas a unhas declaraciÃ³ns feitas na Universidade Reitaku, nas que defendeu o bombardeo atÃ³mico de Nagasaki como â??inevitableâ? para poÃ±er fin Ã¡ segunda guerra mundial.

Shinzo Abe, primeiro ministro de XapÃ³n, non gaÃ±a para disgustos. Exerce dende hai nove meses, despois de herdar, entre unÃ¡nimes aplausos, o liderado do Partido Liberal DemocrÃ¡tico (PLD) que lle foi transmitido polo seu antecesor, Junichiro Koizumi. Abe quenceu motores prometendo liberar o paÃ­s das rÃ©moras da posguerra e promulgando unha nova ConstituciÃ³n que farÃ¡a de XapÃ³n â??un paÃ­s normalâ?. Como primeiro prato, decidiu transformar a Axencia de Defensa en Ministerio de Defensa, unha decisiÃ³n nunca ben entendida nun entorno rexional, onde as pegadas das humillaciÃ³ns das tropas niponas seguen moi vivas polas reticencias de Tokio a recoÃ±ecer o seu comportamento. E foise polo mundo adiante para explicar o cambio de rumbo que Ã¡a promover.

Unha nova Carta Magna, un novo XapÃ³n no mundo, soÃ±os ambiciosos que Abe pretende aÃ±da facer realidade, pero que terÃ¡n que agardar Ã¡ vista do comprometido da situaciÃ³n polÃ¡tica actual.

O flamante primeiro ministro de Defensa, Fumio Kyuma, tivo que presentar a sÃ³a dimisiÃ³n esta semana polas crÃ¡ticas recibidas a unhas declaraciÃ³ns feitas na Universidade Reitaku, nas que defendeu o bombardeo atÃ³mico de Nagasaki como â??inevitableâ? para poÃ±er fin Ã¡ segunda guerra mundial. En decembro debeu dimitir o ministro para a Reforma Administrativa, Genichiro Sata, involucrado nun escÃ¡ndalo de corrupciÃ³n. E en maio deste ano, suicidouse o ministro de

Agricultura, Toshikatsu Matsuoka, por outro escándalo similar. O ánimo que pensan os cidadáns que Abe errou na elección dos seus ministros e iso pode explicar que a súa popularidade baixara dende o 70% do inicio do mandato ata menos do trinta por cento actual. A oposición está a facer o seu labor e tamén dirixiu as súas críticas ao ministro de sanidade, Hakuo Yanagisawa, quen noutro discurso "afortunado" cualificou as mulleres como "mujerinas de parir"!

Aos problemas do gabinete, súmase o escándalo das pensións públicas. Resulta que se detectaron erros na contabilidade duns 50 millóns de contas e os seus titulares recibiron menos beneficios dos que lle corresponderían. Abe alargou dúas semanas o actual período de sesións parlamentarias para aprobar unha lei que permita a todos os prexudicados a recuperación do seu patrimonio. Conta con iso para paliar o descontento.

Con este panorama, o PLD afronta o próximo día 29, as eleccións parciais a unha Cámara Alta que se renova por metade cada tres anos. A coalición do PLD co Novo Komeito goza dunha cómoda maioría, pero está por ver se a manteñen despois de tantas lideiras. Poñéndose a cura antes da ferida, Koizumi e o PLD anticiparon todo o seu apoio a Abe ánda no suposto de producirse un revés electoral. A maioría que ostenta na Cámara Baixa permitiralle continuar coa súa reforma. Pero unha avultada derrota podería tamén facer insostible a posición de Abe e provocar a propia dimisión. Así, o que hai uns meses podía parecer un mero trámite electoral chamado a revalidar un liderado incuestionable, hoxe converteuse nunha seria proba política para o primeiro xefe de Estado nipón nacido despois da guerra.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Asia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 8, 2007

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2007-07-08 00:00:00